

ACTA NUM. 7/12

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO CELEBRADA O DÍA 11 DE MAIO DO 2012.

Na casa do Concello de Barro, ás vinteunha horas do día once de maio de dous mil doce, reúnese o Pleno deste concello.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. José Antonio Landín Eirín.

Do Partido Popular:

Dna. Teresa Roig Olona

Dna. Rosa Varela Magariños.

D. Manuel Fontán Outón.

D. Eduardo Iglesias González

Do BNG:

D. Xosé Manuel Fernández Abrales

Dna. M^a Xesús Castro Calviño.

Do PSOE

D. José Sanmartín Soto.

Dna. Margarita Canay Pintos

Secretario:

D. Xesús Rodríguez Castro.

Faltan con excusa: D. Manuel Rivas Reboredo (PP) e D. Roberto Rivas Reboredo (BNG)

ORDE DO DIA:

- 1.- APROBACIÓN ACTA ANTERIOR.
- 2.- FORMALIZACIÓN OPERACIÓN DE CRÉDITO PARA PAGO A PROVEEDORES.

Comprobada a existencia de quórum para a válida realización da sesión, declárase aberta e éntrase a trata-los asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES.

Dada conta da acta anterior da sesión extraordinaria de data 16.04.2012. Non se fan observacións as mesmas e aprobanse por unanimidad.

2.- FORMALIZACIÓN OPERACIÓN DE CRÉDITO PARA PAGO A

PROVEEDORES.

Dase conta dos seguintes antecedentes:

En sesión plenaria de data 28/03/2012 adoptouse o acordo que se transcribe na súa parte dispositiva:

PRIMEIRO.- Prestar a probación ao Plan de Axuste coas medidas de redución de gastos e incrementos de ingresos previstas no mesmo que se estenderá durante o período da súa vixencia.

SEGUNDO.- Asumir os compromisos previstos na normativa reguladora durante a vixencia do devandito plan.

TERCEIRO.- Remitir o Plan de Axuste ao órgano competente do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.

- Recibiuse no concello comunicación do Ministerio de Hacienda e Administraciones Públicas valorando favorablemente o plan de axuste e posibilitando a formalización da operación de préstamo para o pago a provedores.

O asunto foi dictaminado en Comisión Informativa de data 11/05/2012.

INTERVENCIONS

O Sr. Alcalde, da conta de que se recibiu no Concello valoración favorable do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas ó plan de axuste aprobado polo pleno do Concello en sesión de data 23/03/2012, sinalando que se poderá concertar a operación de préstamo a longo prazo polo importe das obrigas pendentes de pago que ascenden a contía de 1.162.908,97 €, polas que os contratistas manifestaran a vontade de acollerse ó procedemento instrumentado no RDL 4/2012 establecendo como prazo para a súa aprobación dentro dos 15 primeiros días naturais do mes de maio.

Polo Secretario Interventor infórmase que segundo a nota relativa ó desenvolvemento do procedemento do mecanismo de pagos a provedores enviada polo Ministerio de Hacienda e Administraciones Públicas o acordo de aprobación da operación de crédito deberá ser xenérico en canto as entidades coas que se formalizarán as operacións, e encanto ao tipo de interés poderase reproducir a característica séptima do Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos de 1 de marzo publicada no BOE do 17 de abril. O período de amortización será como máximo de 10 anos, sendo os dous primeiros de carencia de amortización do principal. As Entidades Locais unha vez adoptados os acordos de aprobación da operación de préstamo non terán que realizar ningunha actuación. As entidades de crédito poranse en contacto co obxecto de formalizar as operacións correspondentes.

A Orde PRE/773/2012 de 16 de abril establece o seguinte como tipo de interese para o prestatario: o equivalente o custe de financiación do Tesouro Público os prazos sinalados máis un marxe máximo de 115 puntos básicos o que se engadirá un marxe de intermediación dun máximo de 30 puntos básicos. Son condicións adicionais ó plan de axuste.

Recolle tamén a citada orde as seguintes condicións: as entidades locais deberán presentar un plan de axuste que reúna os requisitos seguintes:

- a) Recoller ingresos correntes suficientes para financiar os seus gastos correntes e a amortización das operacións de endebedamento, incluída a que se formalice no marco da presente norma;
- b) As previsións de ingresos correntes que conteña deberán ser consistentes coa evolución dos ingresos efectivamente obtidos pola respectiva entidade local nos exercicios 2009 a 2011;
- c) Un axeitado financiamento dos servizos públicos prestados mediante taxa ou prezo públicos, para o que deberán incluír información suficiente do custo dos servizos públicos e o seu financiamento;
- d) Recoller a descrición e o calendario de aplicación das reformas estruturais que se vaian a implementar así como as medidas de redución de cargas administrativas a cidadáns e empresas que se vaian a adoptar e a cuantificación desta redución;
- e) Recoller medidas relativas á limitación dos salarios nos contratos mercantís ou de alta.

O Sr. Alcalde sinala que a gran parte do importe pendente de pago a provedores ven dado pola facturación pendente con SOGAMA, importes que no caso de outros concellos non se inclúen na relación de provedores, polo que se descontamos o importe da débeda polo tratamento do lixo o importe pendente non sería tan elevado.

O Sr. Fernandez Abraldes, do BNG, sinala que o seu grupo non vai a ser o impedimento para que o concello formalice a operación de crédito, anuncia a abstención do seu grupo e reitera a postura manifestada no pleno de aprobación do plan de axuste pola súa disconformidade coa actuación do goberno fronte a crise e a forma de resolver as necesidades de financiamento dos concellos.

O Sr. Sanmartín Soto anuncia a abstención do seu grupo e sinala que en relación coa débeda do concello se deberían coidar os gastos que se fan como sucede no caso dos vestiarios do pavillón de Curro para os que se está a utilizar pedra que encarece a obra e que aínda está sen rematar.

O Sr. Alcalde aclara que o material utilizado e para respetar os materiais dos edificios do entorno como é o caso do edificio da escola.

Rematada a deliberación sométese o asunto a votación, ACORDÁNDOSE por 5 votos a favor; votan os Sres. Roig Olona, Varela Magariños, Fontán Outón, Iglesias González, Sr. Alcalde (PP) e 4 abstencións: votan os Sres.: Fernández Abraldes, María Xesús Castro Calviño (BNG), Sres. Sanmartín Soto e Margarita Canay Pintos (PSOE):

PRIMEIRO.- Prestar a probación a operación de préstamo por importe de

1.162.908,97 € a un tipo de interese equivalente ó custe de financiación do Tesouro Público nos prazos sinalados máis un marxe máximo de 115 puntos básicos o que se engadirá un marxe de intermediación dun máximo de 30 puntos básicos cun período máximo de amortización de 10 anos.

SEGUNDO.- Facultar o Sr. Alcalde para a sinatura do contrato do préstamo e a realización da xestións necesarias a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Dar cumprimento o contido do Plan de Axuste vinculado a operación de préstamo.

A sesión rematou ó fin das vinte e unha horas e quince minutos. Dou fe.